CONCURSO ARTE POSTAL. SAUDARTE

	**TÍTULO: Libro Puzzle. A aula de xogos na nosa asociación.** **EXPLICACIÓN:** Breve resumo en imaxes das actividades que realizamos na aula de xogos, cos rapaces e rapazas de 3 a 10 anos, nas que potenciamos a saúde a nivel bio-psico-social.
	**TÍTULO: O RELOXO DOS HÁBITOS SAUDABLES.** **EXPLICACIÓN:** Trátase dun xogo educativo a través do cal os rapaces e rapazas traballan os hábitos saudables: lavar a cara, lavar os dentes, lavar as mans, almorzar, xantar, merendar, cear...e as horas nas que se soen levar a cabo. Facemos unha reflexión conxunta.
	**TÍTULO: BINGO DOS ALIMENTOS SAUDABLES.** **EXPLICACIÓN:** Trátase dun xogo educativo, a través do cal, os rapaces e rapazas aprenden a valorar a importancia de cada un dos alimentos seleccionados. 1º os nenos/as colocan as pegatinas dos alimentos no cartón de bingo baleiro. 2º procédese o gran xogo do bingo. 3º Reflexión final sobre a importancia de cada un dos alimentos.

	**TÍTULO: ELABORA O TEU MENÚ SAUDABLE.** **EXPLICACIÓN:** Trátase dun xogo educativo, a través do cal, os rapaces e rapazas elixen os alimentos que cren que son saudables para elaborar o seu menú. Para rematar, facemos unha reflexión final explicando o valor da pirámide dos alimentos e vemos que cambios temos que facer na nosa vida diaria.